

Unha visión educativa a mediados do século XIX: o “Diccionario de educación y métodos de enseñanza”¹ de Mariano Carderera

An View of Eduation in the mid 19th century: The “Dictionary of Education and Teaching Methods” by Mariano Carderera

Antonio PRADO GÓMEZ

Doutor en Historia. Catedrático do IES Lucus Augusti

RESUMO: O *Diccionario de educación y métodos de enseñanza* de Mariano Carderera resulta ser unha obra de temática educativa fundamental para coñecer a situación do ensino español, ou mesmo europeo, a mediados do século XIX. A ampla formación persoal e profesional do autor, bo coñecedor das experiencias pedagóxicas do momento e home ben documentado sobre a situación do sector docente, permitiulle elaborar unha obra básica para entender a situación do ensino no momento en que a describe, aínda que deban recoñecerse nela bastantes presupostos tradicionais, e mesmo reaccionarios nalgúns casos, como nas súas consideracións sobre as posibilidades educativas da muller. Preténdese aquí facer un percorrido polos contidos máis significativos dos catro volumes de que consta a obra, nos cales non faltan referencias a asuntos como diversos aspectos de historia da educación, a disciplina dos alumnos, a condición dos mestres, a distribución do tempo e do traballo na escola ou as estratexias pedagóxicas que cómpre desenvolver no ámbito educativo.

PALABRAS CHAVE: Dicionario, disciplina, educación da muller, inspectores, mestre.

ABSTRACT: The *Dictionary of Education and Teaching Methods* by Mariano Carderera is a fundamental work on educational topics essential to the understanding of the situation of education in Spain as well as Europe in the 19th century. Thanks to the author's broad personal and professional background and training –a man who was highly familiar with the pedagogical experiences of the time and an expert on the situation of the teaching sector– he developed a basic reference work to shed light on the situation of education in that time period. However, his work does include a many traditional suppositions, bordering on the reactionary in some cases, such as his considerations on the educational possibilities of women. This article reviews the most important contents of the four volumes comprising the work. There is no lack

¹ Mariano Carderera, *Diccionario de Educación y métodos de enseñanza*, Imprenta de A. Vicente, Madrid, 1854-58, 4 tomos. Esta obra está incluída na Biblioteca Virtual del Patrimonio Bibliográfico co número de control DGB20080021559. Vid. sobre a biografía de Carderera, María Jesús Vicén Ferrando, *Mariano Carderera y Potó*, Instituto de Estudios Altoaragoneses, Huesca, 1999. Da mesma autora: *El pensamiento pedagógico de M. Carderera y Potó*, Revista Interuniversitaria de Formación del Profesorado, nº 23, maio/agosto, 1995, pp. 189-205.

of references to a wide variety of subjects ranging from different aspects of the history of education, student discipline, the condition of teachers, the distribution of time and work in the school and the development of teaching strategies in the school environment.

KEY WORDS: Dictionary, Discipline, Women's education, Inspectors, Teacher.

O autor

Mariano Carderera y Potó nace en Huesca en 1816 e morre en Madrid en 1893. Aínda que en principio pretendeu dedicarse á carreira eclesiástica, a primeira guerra carlista truncaría esas pretensións iniciais. Isto non impediu que conseguise ao longo da súa vida unha formación moi completa, e, de feito, estudou latín, filosofía e teoloxía na Universidade Sertoriana de Huesca (que sería clausurada en 1845). Logo, desprazouse a Barcelona para estudar matemáticas, física, ciencias naturais, francés, inglés e alemán, unha bagaxe cultural que lle permitiría colaborar no *Diccionario de la Real Academia* con diversos artigos. Foi tamén un dos primeiros alumnos internos da Escola Normal Central e, a partir dos anos corenta, convértese nun dos grandes reformadores do ensino primario en España.

A súa carreira docente completouse coa fundación da Escola Normal de Huesca e co seu traslado a Barcelona onde dirixiría a Escola Normal desta cidade. Máis adiante, a partir de 1849, sería nomeado inspector xeral do maxisterio, e logo xefe de negociado do Ministerio de Fomento (de que dependía neses momentos a educación española). Os cargos políticos os desempeñaría ata 1868, cando o ministro Ruiz Zorrilla, seguramente a consecuencia da postura conservadora de Carderera, o destituíu. Segundo a información da *Enciclopedia Espasa*, durante os seus anos de servizo no Ministerio de Fomento as estatísticas escolares españolas e a sección de Instrución pública melloraron considerablemente².

Tras a chegada do canovismo en 1875, volvería traballar para o Ministerio de Fomento, esta vez no Negociado de Universidades. Mesmo sería nomeado secretario do Consello de Instrución pública en 1887, o que era un recoñecemento máis dos seus méritos profesionais.

² En concreto, alúdese a que aumentou o número de escolas públicas de 15.640 a 27.100, e de alumnos de 663.000 a 1.369.000. Así mesmo, creáronse 32 escolas normais de mestres, e os gastos escolares eleváronse de 4.500.000 á cerca de 22.000.000 de pesetas (*Enciclopedia Universal Ilustrada Europeo-Americana*, tomo 11, p. 850, Barcelona, Espasa, 1911)



1. Retrato de Mariano Carderera y Potó.(mediateca.educa.madrid.org)

Ademais da súa brillante carreira como profesional do ensino, Carderera destacará como un publicista moi activo. De talante liberal, aínda que conservador e católico, era un escritor con boas dotes literarias e unha considerable cultura, o que lle permitiría exercer unha grande influencia no ámbito docente da segunda metade do século XIX, en competencia e contraste coa que exercía a corrente, máis progresista, dos pedagogos integrados na Institución Libre de Enseñanza (ILE).

Grazas á súa condición de políglota, era un bo coñecedor da situación educativa europea e, con base nesa información, impulsaría un proceso de modernización do ensino en España que divulgaría a través de diversos manuais en que recolleu as súas opinións ao respecto. Ademais, realizou numerosas viaxes ao estranxeiro e coñeceu as experiencias dos grandes psicopedagogos da época: Pestalozzi, Fröbel, Gauthey e outros, que o impulsaron a desenvolver un modelo de educación xeneralizada e popular. Colaborou mesmo nun proxecto de lei de instrución pública no bienio progresista (1854-1856), que non chegou a poñerse en práctica pero que influíu considerablemente na Lei Moyano de 1857, un regulamento educativo fundamental que coincide cronoloxicamente coa publicación do seu *Diccionario*.

Támén asistiu á Exposición Universal de Londres de 1862 sobre a cal redactou un informe titulado *La pedagogía en la Exposición Universal de Londres de 1862*, en que denunciaba o excesivo mimetismo pedagóxico de España con respecto a Francia. No Congreso Pedagóxico Nacional de 1882 foi vicepresidente primeiro e responsabilizouse do discurso de clausura en que se resumiron todas as achegas e conclusións. Tamén colaborou na elaboración dos primeiros traballos estatísticos escolares feitos en España, así como nos cuestionarios de exame para aspirantes ao maxisterio entre 1850 e 1864.

Os seus traballos acadaron unha gran difusión na segunda metade do século XIX. Destaca entre eles a *Guía del maestro de primera enseñanza*, publicado en Madrid en 1852, que el mesmo definía como un “itinerario moral á los que abracen tan penosa como honorífica carrera”.

Ademais do famoso *Diccionario* que é o obxecto principal do noso comentario, outra obra súa de interese sería a dos *Principios de educación y métodos de enseñanza*, publicada en Madrid en 1860, unha publicación de gran influencia que, durante anos, foi libro de texto nas escolas normais de todo o país. Nela pediría, entre outras cousas, unha xusta retribución ao labor dos profesionais do maxisterio, que soportaban no século XIX unha situación realmente calamitosa.

En 1874 publicaría o seu estudo de *Pedagogía práctica* en dous volumes, unha obra en que incluía exercicios prácticos e modelos de leccións para todos os graos e materias, alén de normas de organización escolar e diversos consellos de todo tipo.

Resulta particularmente importante a súa colaboración co pedagogo galego Joaquín Avendaño Bernáldez (1812-1886), evidenciada nunha frutífera relación profesional que trouxo como resultado obras tan importantes como o *Curso elemental de pedagogía*, o *Método de lectura completo* e o *Cuadro del sistema legal de pesas y medidas*. Xuntos dirixiron a *Revista de Instrucción Primaria*, publicada entre 1849 e 1851 na mesma imprenta de A. Vicente en que viu a luz o primeiro tomo do seu *Diccionario*, e que está considerada como a primeira revista profesional do maxisterio español; así como tamén a revista mensual ilustrada *La Aurora de los Niños* ou os *Anales de Enseñanza*³.

Outras obras da extensa achega de Mariano Carderera ao ámbito educativo son as seguintes: *Vida y obra de Pestalozzi* (1862); *Lectura en voz alta* (1865); *Guía legislativa de primera enseñanza* (1866); *La ciencia de la mujer al alcance de las niñas* (1875); *Nociones de Industria y Comercio* (1880) e *La disciplina escolar como medio indirecto de educación y enseñanza*, obra, esta última, publicada tres anos antes da súa morte (1890).

³ Carmen López e Modesto Sierra, *Formación de Maestros en la España del siglo XIX: la Aritmética y el Álgebra del Manual completo de instrucción primaria, elemental y superior de Avendaño*. www.apm.pt/files/177852_C62_4dd7faa047929.pdf.

O “Diccionario de educación y métodos de enseñanza”

Os catros tomos do *Diccionario de educación y métodos de enseñanza* son, probablemente, a obra máis importante de Mariano Carderera alén de un dos máis significativos traballos pedagóxicos de todo o século XIX. Con esta publicación adiantouse case tres décadas ao *Dictionnaire de pédagogie et d’instruction primaire* de Ferdinand Buisson, unha obra que contrasta coa de Carderera pola postura ideolóxica dos autores, no caso do español máis proclive ao ideario clerical que ao laico que se propoñía no ámbito da III República francesa.

Comentaremos aquí a primeira edición, publicada entre 1854 e 1858 por varias imprentas, que se inicia cun prólogo en que o autor declaraba que pretendía cubrir un baleiro na literatura pedagóxica española. No citado prólogo, Carderera explicaba, ademais, que transformara o proxecto inicial da obra para converter o pretendido tratado pedagóxico nun dicionario en cuxos termos se explicasen, con poucas palabras, as verdades e os diversos coñecementos pedagóxicos; é dicir, tratábase de recoller as ideas, os pensamentos, os principios, as regras e as opinións dos escritores distinguidos de todas as épocas e países nunha verdadeira enciclopedia pedagóxica, así como a historia dos progresos da educación e os métodos de ensino.

Desta forma o *Diccionario* debía converterse nun recurso esencial da biblioteca do pai de familia e do mestre, para auxiliálos na educación dos seus fillos e alumnos. Os diversos asuntos trataríanse con maior ou menor extensión en función do seu interese, e consagraríanse, se fose necesario, dous o máis artigos ao seu coñecemento.

O pedagogo español recoñecía a súa débeda coa literatura alemá, que era a fonte onde bebían os outros países europeos, e recordaba as súas viaxes e experiencias polo continente como unha moi importante fonte de información. Os artigos alleos e traducidos levaban todos o nome de cada autor, mentres que os elaborados polo propio Carderera se complementaban coas referencias bibliográficas utilizadas.

Na introdución que seguía ao prólogo, o noso autor afirmaba o seguinte: “La educación es un derecho, un deber y una necesidad de la criatura racional, necesidad que se manifiesta en los períodos de la naturaleza, del sentimiento y de la razón”. Por outra parte, “la naturaleza, el hombre y las circunstancias particulares de la vida forman la educación del individuo. Influye el clima del país, la constitución del Estado, las artes, las ciencias, la religión y cuanto puede ejercer acción eficaz en las facultades de la naturaleza humana, susceptibles de progresivo perfeccionamiento durante toda la vida”.

Ademais, lembraba o logro recente que proclamaba “el derecho del Estado para apoderarse de los niños, sin distinción de sexos...” e que permitía propiciar a súa educación, aínda que consideraba máis importante ter en conta que “el fin general de la educación es el de nuestro propio destino, y de aquí el pensamiento superior, el principio universal que debe presidir en toda ella”. De aquí deducíase que a educación, fundamentada en principios psicolóxicos e morais, correspondía, por unha parte, á familia, e, pola outra, á escola, que debía completar a obra familiar, especialmente dirixida pola nai.

Remataba a introdución recordando que a historia da educación subministraba ao mestre “abundantes y preciosas instrucciones” e alentáboo na súa carreira.

O primeiro volume do *Diccionario* recollía os termos correspondentes ás letras a, b e c do alfabeto español, cun total de 200 artigos, aínda que algúns conceptos se desenvolvían en varias entradas: amor (10); aritmética (5); harmonía (4); autoridade (4); bibliotecas (3); caligrafía (6); carácter (5); castigos (4) ou clasificación (4). Polo seu contido, os máis numerosos con moito, foron os artigos dedicados á historia da educación (39 en total), aínda que os había tamén que facían referencia ao ensino; a educación; as escolas; a filosofía; a moral; a práctica do ensino; consellos, exercicios e outros aspectos. Postos a facermos unha mínima selección, bastante aleatoria, destacaremos para este volume os dedicados á educación en santo Agostiño; á alimentación; á crueldade cos animais; á apatía; á historia da educación entre os árabes; á educación en Aristóteles; á atención; aos azoutes; ao ensino da botánica; ao canto; ao ensino do catecismo; á conduta dos mestres; á historia da educación no cristianismo; ás calidades dos nenos e á curiosidade.

En determinados aspectos deste articulado quedan claras as achegas pedagóxicas do autor, como a súa crítica á utilización da violencia cos alumnos: “solo pueden usarlo [o castigo] maestros brutales, que no tanto buscan en los castigos la correccion de las faltas, como su propia satisfaccion” (p. 286); con gran erudición Carderera lembraba a crítica á violencia pedagóxica que fixeran autores de todas as épocas, como Séneca, Quintiliano, san Anselmo, Roger Ascham, Fleury, Lebrun ou Montaigne.


Noutros aspectos, o noso autor (ou os autores que o inspiran) ofrécesenos menos vangardista, como cando se amosa partidario decidido da instrución relixiosa, á que concede unha considerable atención e que relaciona co ensino moral.

A súa conclusión fundamental ao respecto é “que debe despertarse, sostenerse y aumentarse en el corazon de los niños el amor de Dios y el deseo de los bienes que nos ha prometido, y el odio y el temor al pecado y á sus consecuencias, para inclinarles al cumplimiento de todos los deberes, y á cumplirlos en todo tiempo de una manera agradable á Dios” (p. 504).

Mesmo recoñece que dedicar unha hora diaria ao ensino relixioso non é demasiado e que, polo menos, debe dedicarse a esta atención media hora, polas vantaxes que ofrece a lección de catecismo, a ser posible, á primeira hora da mañá. Como pode observarse, Carderera non se desprendía do ideario clerical que dominou o mundo educativo –con significativas excepcións– na segunda metade do século XIX en España.

Particular interese reviste o artigo dedicado á conduta do mestre que Carderera recolle dun clásico retórico, Fabio Quintiliano, en que se asume que os docentes deben revestirse da natureza dos pais, xa que estes lles entregaron aos seus fillos. O docente non debe ter vicios nin consentilos; será serio, pero non desapracible; afofado sen choqueiradas; non será iracundo, mais tampouco displicente ante o que haxa de emendarse; sinxelo e sufrido no traballo. Deberá responder con agrado ás preguntas e preguntar el mesmo; gabar, sen excesos, os méritos e acertos dos alumnos; corrixir os seus defectos sen caer en agravios. Cada día debe darlles aos seus alumnos documentos para que os comenten.

O tomo segundo da obra, publicado en 1855, percorre o itinerario alfabético do ch ao h, cun total de 196 artigos entre os cales se concedían varias entradas aos correspondentes á dignidade (3), a disciplina (3), a educación (7), as escolas (3), os exames (3), as facultades (6), a gramática (4) e a/s historia/s (7). Volvían salientar polo seu número os temas de historia da educación, a que correspondían 23 entradas, sen que faltasen outros sobre educación en xeral, ensino, prácticas, escolas, nenos, métodos e reflexións.



2. Portada do tomo II do *Diccionario de educación y métodos de enseñanza* de Mariano Carderera.

Artigos particularmente interesantes son os dedicados á dignidade do mestre, do maxisterio e do neno; á disciplina dentro e fóra da escola; á distribución do tempo e do traballo; ao carácter e gradación do ensino primario; aos escolapios ou ás escolas pías; á historia da educación en Europa; aos exames; ao fin da educación; á hixiene nas escolas e ao sentido e contido de diversas materias: Xeografía, Xeometría, Ximnástica, Gramática e Historia.

Estes temas permiten deducir que na postura pedagóxica de Mariano Carderera se pretendía unir instrución e educación e se desexaba conseguir un bo sistema de ensino; tamén se tiña que considerar como honrosa a profesión do mestre, que debía ter carácter de verdadeiro empregado público e ser elevado na súa consideración social: “Hágase que la buena conducta y el trabajo pongan al maestro al abrigo de la indigencia” (p. 83). Evidentemente, os docentes habían de corresponder a esta dignificación cunha

conducta irrepreensible, aplicacion constante, dignidad en todas circunstancias, he aquí los medios infalibles de adquirir y conservar la estimacion pública. Para que la enseñanza sea fructuosa, es necesario que los que la reciben tengan la mas alta idea de los que la dan. (p. 84).

Sobre a educación infantil engade que “la educacion, so pena de ser incompleta, y por consiguiente de faltar profundamente á la dignidad de la naturaleza humana, debe hacer del niño un hombre en toda su integridad” (p. 89).

Polo que se refire ás súas ideas sobre a disciplina, parte da interpretación platónica de que todo o poder da educación está nunha disciplina ben entendida, para pasar a desenvolver toda unha serie de recomendacións moi pormenorizadas. Recoñece que a máxima de que *a letra con sangre entra* se confirmaba nese momento en moitas escolas, pese ao escaso valor pedagóxico das actitudes violentas. Estes sistemas creaban en moitos alumnos unha aversión cara ao estudo, o mestre e a escola. En calquera caso, malia non se opoñer dun xeito determinativo á aplicación de premios e castigos, “necesarios en la escuela por efecto de la debilidad de la naturaleza humana”, recoñecía que era censurable, e mesmo inmoral, o uso dos castigos corporais.

Para concretar a distribución do tempo e do traballo, Carderera presenta tres cadros de guía, dous deles destinados ás escolas que seguisen o sistema mixto, e outro para as que seguisen o sistema mutuo; todos están inspirados nos modelos que seguira a educación francesa desde 1833. O sentido relixioso deste modelo quedaba garantido na indicación de que tanto as actividades matutinas como as vespertinas deberían comezar por unha oración. As materias fundamentais serían a Gramática e a Aritmética, mentres que se dedicaría o sábado ao estudo da Historia Sagrada e o Catecismo. En definitiva, respondíase ás indicacións de que o fundamento educativo se centraba en catro aspiracións: saber ler, escribir, contar e rezar.

Núm. 1.º CUADRO DE LA DISTRIBUCION DEL TIEMPO, APLICABLE Á ESCUELAS QUE TENGAN MENOS DE 60. ALUMNOS.

Puede adoptarse en las escuelas de 60 á 80 niños.

NOTA. Los ejercicios indicados en letra mayúscula, son los dirigidos por el maestro.

Orden de los ejercicios.	Duración de los ejercicios.	1.ª DIVISION.	2.ª DIVISION.	3.ª DIVISION.	
Entrada y oracion.					
4.º	5 min.				
MAÑANA.	1/2 hora.	Estudio de la leccion de la lengua castellana.	Estudio de la leccion de la lengua castellana.	LECTURA Y NOCIONES DE GRAMÁTICA.	
	Escritura, revista de asco y lista de asistencia.				
	2.º	1/2			
	3.º	25 m.	RECITACION DE LA GRAMÁTICA; EXPLICACION DE LA LECCION SIGUIENTE. LOS LUNES HISTORIA SAGRADA.	Poner en limpio la leccion del dia anterior.	Primeros instructores. Cálculo mental ó escrito.
	4.º	1/2 hora.	Poner en limpio la leccion del dia anterior.	Primeros instructores.	CORRECCION DE LA COMPOSICION Y LECCION ORAL DE GRAMÁTICA. LOS LUNES HISTORIA SAGRADA.
	5.º	40 m.	CORRECCION DE LA COMPOSICION E INDICACION DE LA SIGUIENTE.	Segundos instructores.	Composicion en Lectura.
	6.º	1/4 h.	Segundos instructores.	Composicion en Lectura.	limpio. Escritura.
7.º	20 m.	DICTADO DE ORTOGRAFÍA USUAL COMUN Á LAS DOS DIVISIONES.			Copiar verbos ó ejercicios en la pizarra.

Núm. 1.º CUADRO DE LA DISTRIBUCION DEL TIEMPO, APLICABLE Á ESCUELAS QUE TENGAN MENOS DE 60. ALUMNOS.

Puede adoptarse en las escuelas de 60 á 80 niños.

NOTA. Los ejercicios indicados en letra mayúscula, son los dirigidos por el maestro.

Orden de los ejercicios.	Duración de los ejercicios.	1.ª DIVISION.	2.ª DIVISION.	3.ª DIVISION.	
Entrada y oracion.					
4.º	5 min.				
MAÑANA.	1/2 hora.	Estudio de la leccion de la lengua castellana.	Estudio de la leccion de la lengua castellana.	LECTURA Y NOCIONES DE GRAMÁTICA.	
	Escritura, revista de asco y lista de asistencia.				
	2.º	1/2			
	3.º	25 m.	RECITACION DE LA GRAMÁTICA; EXPLICACION DE LA LECCION SIGUIENTE. LOS LUNES HISTORIA SAGRADA.	Poner en limpio la leccion del dia anterior.	Primeros instructores. Cálculo mental ó escrito.
	4.º	1/2 hora.	Poner en limpio la leccion del dia anterior.	Primeros instructores.	CORRECCION DE LA COMPOSICION Y LECCION ORAL DE GRAMÁTICA. LOS LUNES HISTORIA SAGRADA.
	5.º	40 m.	CORRECCION DE LA COMPOSICION E INDICACION DE LA SIGUIENTE.	Segundos instructores.	Composicion en Lectura.
	6.º	1/4 h.	Segundos instructores.	Composicion en Lectura.	limpio. Escritura.
7.º	20 m.	DICTADO DE ORTOGRAFÍA USUAL COMUN Á LAS DOS DIVISIONES.			Copiar verbos ó ejercicios en la pizarra.

		Entrada y oracion.		
TAUDE.	5 m.			
	1.º 1/2 hora.	Resolucion de problemas de aritmética.	Resolucion de problemas de aritmética.	CÁLCULO MENTAL Ó ESCRITO.
	2.º 1/2 h.	CORRECCION DE PROBLEMAS Y DICTADO DE OTROS.	Poner en limpio Primeros instructores.	Escritura.
	3.º 1/2 h.	Problemas en limpio. Primeros instructores.	CORRECCION DE PROBLEMAS Y DICTADO DE OTROS.	Ejercicios elementales de gramática.
	4.º 25 m.	LECTURA. Primeros instructores.	Primeros instructores. Problemas en limpio.	Lectura.
	5.º 40 m.	ARITMÉTICA EN EL ENCERADO. Segundos instructores. Problemas en limpio.	Escritura. ARITMÉTICA EN EL ENCERADO.	Ejercicios en pizarra. Escritura.
	6.º 1/2 h.	Los alumnos se toman mutuamente la doctrina bajo la vigilancia del maestro.		
Sábado	7.º 20 m.	LECTURA GENERAL HECHA POR EL MAESTRO etc. etc.		
	1.º 1/2 h.	HISTORIA SAGRADA.		Catecismo y oraciones.
	2.º 45 m.	Catecismo ó canto, donde se enseñe.		Historia sagrada, ó escuchan los niños si se canta.
	3.º 45 m.	LECTURA GENERAL HECHA POR EL MAESTRO etc. etc.		

NOTA 1.ª Los discípulos de la primera division, lo mismo que los de la segunda, se subdividen en dos grupos; *primeros instructores* y *segundos instructores*, ó de *primera* y de *segunda* hora; cuando los unos están en ejercicio, los otros ponen en limpio sus trabajos de composición ó aritmética, ó recíprocamente.

— Cuando los discípulos de las divisiones superiores son en corto número y por consiguiente tienen que hacer unos mismos de instructores *primeros* y *segundos*, estudian las lecciones y ponen en limpio los escritos en su casa.

NOTA 2.ª De los ejercicios en que se divide el 5.º de la tarde, el 1.º se práctica los lunes, miércoles y viernes, y el 2.º los martes y sábados.

3a. Instrucciones para a distribución do tiempo nas escolas no *Diccionario de educación y métodos de enseñanza* de Mariano Carderera.

Núm. 2.º CUADRO APLICABLE EN LAS MISMAS CONDICIONES QUE EL ANTERIOR NÚM. 4.º

NOTA. En las escuelas en que se aplique la distribución del tiempo de los cuadros núm. 4.º y núm. 2.º el discípulo que pertenece a una division en gramática, puede pertenecer a otra en aritmética etc.

Oden de los ejercicios.	Duración de los ejercicios.	3.ª DIVISION.	2.ª DIVISION.	1.ª DIVISION.
CLASE DE LA MAÑANA.				
1.º	1/4 hora.	Oracion, lista, revista de ascó.		
2.º	1/4 h.	<i>Clase general de lectura: los mas adelantados sirven de instructores.</i>		
3.º	1/2 h.	<i>Clase general de escritura bajo la direccion del maestro.</i>		
4.º	1/2 h.	Lectura dirigida por el maestro para los que han servido de instructores.	Operaciones de aritmética, problemas.	Cálculo mental en los semicírculos con instructores de la 1.ª division.
5.º	4 h.	<i>Leccion de castellano.</i> —Recitación y explicacion de la gramática.—Correccion de las composiciones y dictado de otras nuevas.	Poner en limpio la composicion corregida el dia anterior. Composicion del dia, que consiste en un dictado corto y medio verbo, ó dictado y análisis gramatical.	Media hora, ejercicios de escritura con instructores de la 2.ª division. Otra media, estudio de memoria en el libro de lectura.—Los que no leen, ejercicios en la pizarra a voluntad.
6.º	1/2 h.	<i>Composicion.</i> Poner en limpio la corregida. Principiar la del dia siguiente.	<i>Composicion.</i> Correccion. Dictado para el dia siguiente.	<i>Ejercicios de ortografía.</i> Copiar un verbo ó frases preparadas por el maestro. Lectura en semicírculos con instructores.

Núm. 2.º CUADRO APLICABLE EN LAS MISMAS CONDICIONES QUE EL ANTERIOR NÚM. 1.º

NOTA. En las escuelas en que se aplique la distribución del tiempo de los cuadros núm. 1.º y núm. 2.º el discípulo que pertenece a una división en gramática, puede pertenecer a otra en aritmética etc.

Orden de los ejercicios.	Duración de los ejercicios.	1.ª DIVISION.	2.ª DIVISION.	3.ª DIVISION.
CLASE DE LA MAÑANA.				
1.º	¼ hora.	Oracion, lista, revista de asco.		
2.º	¼ h.	<i>Clase general de lectura: los mas adelantados sirven de instructores.</i>		
3.º	¼ h.	<i>Clase general de escritura bajo la direccion del maestro.</i>		
4.º	¼ h.	Lectura dirigida por el maestro para los que han servido de instructores.	Operaciones de aritmética, problemas.	Cálculo mental en los semicírculos con instructores de la 1.ª división.
5.º	¼ h.	<i>Leccion de castellano.—Recitacion y explicacion de la gramática.—Correccion de las composiciones y dictado de otras nuevas.</i>	Poner en limpio la composicion corregida el dia anterior. Composicion del dia, que consiste en un dictado corto y medio verbo, ó dictado y análisis gramatical.	Media hora, ejercicios de escritura con instructores de la 2.ª división. Otra media, estudio de memoria en el libro de lectura.—Los que no leen, ejercicios en la pizarra á voluntad.
6.º	¼ h.	<i>Composicion.</i> Poner en limpio la corregida. Principiar la del dia siguiente.	<i>Composicion.</i> Correccion. Dictado para el dia siguiente.	<i>Ejercicios de ortografia.</i> Copiar un verbo ó frases preparadas por el maestro. Lectura en semicírculos con instructores.
CLASE DE LA TARDE.				
1.º	¼ hora.	Oracion, lista, revista de limpieza.		
2.º	¼ hora.	Operaciones de aritmética.—Problemas.	Lectura para las dos divisiones bajo la direccion de los primeros alumnos de la 2.ª	
3.º	¼ h.	<i>Clase general de escritura.</i>		
4.º	¼ h.	Aritmética con el maestro.	Cálculo escrito. Cuatro operaciones.	Cálculo mental con instructores de la 2.ª división.
5.º	¼ h.	Aplicaciones de la leccion de aritmética.	Aritmética con el maestro.	Escritura con instructores de 1.ª división.
6.º	¼ h.	Continuacion de la composicion.	Leccion oral de gramática por el maestro.	Ejercicios de ortografia y ejercicios en pizarra.
7.º	¼ h.	<i>Clase general de catecismo. Los mas atrasados escuchan.</i>		
8.º	¼ h.	<i>Lecturas agradables y morales por el maestro.</i>		
El sábado como en el cuadro núm 1.º				

3b. Instruções para a distribución do tempo nas escolas no *Diccionario de educación y métodos de enseñanza* de Mariano Cardeira.

Núm. 3.º CUADRO DE LA DISTRIBUCION DEL TIEMPO.

Aplicable á las escuelas de mas de 80 alumnos, con un pasante ó auxiliar, ó un inspector general.

Los discípulos se distribuyen en 8 secciones por lo ménos, segun el grado de instruccion principalmente.

Orden de los ejercicios.	Duración de los ejercicios.	PRIMERA DIVISION.		SEGUNDA DIVISION.		TERCERA DIVISION. SECCIONES 4.ª 3.ª 2.ª 1.ª		
		SECCION 8.ª	SECCION 7.ª	SECCION 6.ª	SECCION 5.ª			
MAÑANA.	5 min.	Entrada y oracion.						
	4.º	¾ hora. Instructores.	Aritmética en el encerado. Correccion de las operaciones. Dictado de otros nuevos.	<i>Clase general de aritmética en el encerado.</i>				
	5 min.	<i>Revista de limpieza y lista de asistencia.</i>						
	2.º	¾ hora.	<i>Clase general de escritura, vigilada por el maestro.</i>					
	3.º	40 min.	Lectura y recitación de lecciones. Instructores.	<i>Lectura en los semicírculos las demas secciones.</i>				
4.º	1 hora.	Composicion las dos secciones.	<i>Composicion las dos secciones.</i>		<i>Escritura ó ejercicios en pizarra.</i>			
5.º	40 min.	<i>Clase general de religion y moral.</i>						

Núm. 3.º CUADRO DE LA DISTRIBUCION DEL TIEMPO.

Aplicable á las escuelas de mas de 80 alumnos, con un pasante ó auxiliar, ó un inspector general.

Los discípulos se distribuyen en 8 secciones por lo ménos, segun el grado de instruccion principalmente.

Orden de los ejercicios.	Duración de los ejercicios.	PRIMERA DIVISION.		SEGUNDA DIVISION.		TERCERA DIVISION. SECCIONES 4.ª 3.ª 2.ª 1.ª		
		SECCION 8.ª	SECCION 7.ª	SECCION 6.ª	SECCION 5.ª			
MAÑANA.	5 min.	Entrada y oracion.						
	4.º	¾ hora. Instructores.	Aritmética en el encerado. Correccion de las operaciones. Dictado de otros nuevos.	<i>Clase general de aritmética en el encerado.</i>				
	5 min.	<i>Revista de limpieza y lista de asistencia.</i>						
	2.º	¾ hora.	<i>Clase general de escritura, vigilada por el maestro.</i>					
	3.º	40 min.	Lectura y recitación de lecciones. Instructores.	<i>Lectura en los semicírculos las demas secciones.</i>				
4.º	1 hora.	Composicion las dos secciones.	<i>Composicion las dos secciones.</i>		<i>Escritura ó ejercicios en pizarra.</i>			
5.º	40 min.	<i>Clase general de religion y moral.</i>						

TARDE.	5 min.	Aritmética, corrección y dictado para la lección siguiente.	Instructores.	Entrada y oración.	Para las demas secciones aritmética en el encerado y cálculo mental.
	4.º			1 hora.	
	5 min.	Corrección de la composición ó de aritmética; dictado para lección siguiente.	Instructores.	Revista de asco y lista de asistencia.	Corrección de la composición por el inspector general.
	2.º			4 hora.	
	3.º	1.º	Composición u operaciones de aritmética.	Instructores.	Escrutina ó ejercicios en la pizarra.
4.º	40 min.	Lectura y recitación de lecciones.			Recitación de lecciones y de oraciones.
5.º	25 min.			<i>Lectura por el maestro, reflexiones morales, consejos etc.</i>	

El sábado como en el cuadro núm. 1.º

Nota. En estos cuadros se supone que la clase dura tres horas y media; donde dura tres horas se disminuye de 3 ó 4 ó 5 minutos en cada ejercicio segun su importancia.

3c. Instruções para a distribución do tempo nas escolas no *Diccionario de educación y métodos de enseñanza* de Mariano Carderera.

As ideas sobre os niveis educativos que manifesta no *Diccionario* colocan a Mariano Carderera na posición dos liberais decimonónicos, que defendían que o ensino secundario e superior estaba destinado a atender as apetencias intelectuais dos fillos dos burgueses, mentres que o primario se orientaba cara aos fillos dos obreiros. Este modelo de educación elitista queda moi ben reflectido no *Diccionario* cando afirma: "Al que ha de vivir ocupado en trabajos puramente mecánicos, ni le hace falta concurrir á otras escuelas, ni tiene medios para ello" (p. 247). Aínda así, considerábase a conveniencia de crear escolas superiores en que os nenos se instruísen en aplicacións especiais, mellorando así a súa formación xeral inicial. A instrución en escolas elementais continuaba á de párvulos, que se limitaba a preparar os nenos para a educación que ían recibir despois, é dicir, a partir dos 6 anos. Nas escolas elementais contemplábanse xa uns estudos progresivos en tres grados. Outra cousa era a instrución secundaria, que pretendía o desenvolvemento da intelixencia polo raciocinio e a reflexión, que impoñía aos profesores un método de traballo científico e que esixía dos alumnos un traballo persoal guiado desde as clases.

Na análise das escolas pías ou dos escolapios, Carderera recorda a súa fundación e o seu sentido, pois os integrantes desta orde unían aos votos de pobreza, castidade e obediencia o particular de se dedicaren ao ensino dos nenos. Segundo o autor, nestas escolas non había diferenza entre nenos pobres e ricos, xa que non se esixía ningunha retribución, e nelas podían cursarse todo o ensino primario e os tres primeiros cursos do secundario. En case que todos os centros existía un seminario para escolares internos que pagaban a mantenza e o ensino de materias de "adorno" a cargo de profesores estraños á orde. Nos seminarios, o ensino estendíase ata a conclusión da secundaria, e nestes centros destacaban os estudos de ciencias exactas e naturais. Pese a que o fundador da orde foi un

español, José de Calasanz, os establecementos escolapios estaban máis estendidos no estranxeiro que na Península. En España só existían 24, e moitos deles en poboacións de escasa veciñanza. Ademais destes centros masculinos, existían en Cataluña oito casas, pertencentes tamén á orde e de carácter feminino.

No artigo sobre a historia da educación en Europa, Carderera toma en consideración a situación educativa nos principais países do continente, e salienta a liberdade ilimitada que no terreo do ensino tiñan estados como Inglaterra ou Bélxica. O extremo oposto representábo Rusia, país cun ensino restritivo, monopolizado e que non chegaba á inmensa maioría da poboación. Algo parecido sucedía na maior parte dos estados italianos, en que a escasa educación existente estaba en mans da Igrexa; só no reino de Piemonte e nos territorios de dominio austríaco existía unha certa preocupación educativa pública. Situación moi distinta era a dos estados alemáns e a de Suíza, en que se obrigaba aos pais a enviar os seus fillos ás escolas, imponéndolles, se non o facían, multas e penas. Tamén en Holanda estaba moi desenvolvida a instrución primaria, e existía un escollido corpo de inspectores que coidaban do bo desenvolvemento educativo e da boa calidade dos mestres. Algo parecido sucedía no estado de Prusia, onde resultaba obrigado manter os nenos na escola entre os 7 e os 14 anos; alén disto en todos os pobos debía existir unha escola elemental e unha ou varias de carácter superior nas cidades. Países como Suecia e Dinamarca imitaban o sistema prusiano. En Grecia e Portugal convivían modelos de ensino público e privado, pero a instrución estaba menos estendida que no centro de Europa. En Francia tamén convivían os modelos de ensino privado e público, malia que a educación non era obrigatoria; o Estado reservábase as funcións inspectoras.

Lonxe dos presupostos da ILE, Mariano Carderera, que segue neste punto as ideas de Overberg⁴, declarábase partidario dos exames como medio de informarse do estado de instrución dos discípulos. Con todo, afirmaba que “el arte de examinar exige paciencia y habilidad”, polo que o exame non debía limitarse a unha repetición do aprendido, senón que se debía procurar a través del saber se se chegara a comprender o explicado. Neste sentido, o autor recomenda, para empregar en cada caso, seis modelos de exercicios, que explica puntualmente (pp. 324-326).

Cando analiza o fin da educación, Carderera opina que os métodos de educación modernos respondían a tres sistemas ensaiados nos séculos XVII e XVIII: o primeiro, baseado na felicidade (Locke o Bassedow); o segundo, na natureza (Rousseau); e o terceiro, nun principio supremo (era o que correspondía á maioría dos pedagogos contemporáneos a Carderera). Este último sistema era debedor do principio de moralidade e do sentimento relixioso, que son considerados, polo tanto, como bases sólidas da educación. En definitiva, o autor entende que “el objeto final de la educacion consiste en el desarrollo de las facultades físicas, intelectuales y morales del hombre en el grado conveniente para el cumplimiento de su destino en esta vida y en la vida futura” (p. 411).

⁴ Bernardo Overberg (1774-1826) foi un pedagogo e sacerdote alemán autor dun manual de pedagogía bastante difundido no século XIX.

O artigo dedicado á hixiene nas escolas segue a outro de preceptos hixiénicos xerais. Seguindo a Ambrosio Rendu⁵, o autor recomenda realizar unha axeitada ventilación das escolas; garantir a salubridade das latrinas –separando as de cada sexo–; coidar a limpeza dos nenos e das súas vestimentas; preservar a escola de enfermidades infecciosas; garantir a achega de luz e calor; preocuparse polas posturas adoptadas polos alumnos; non facer durar as clases nunca máis de tres horas e manter os hábitos de exactitude e puntualidade.

De todas as materias cuxo sentido e contido analiza o autor neste tomo –xeografía, xeometría, ximnástica, gramática e historia– imos centrarnos, por razóns de interese profesional, na última. Na opinión de Mariano Carderera non sae precisamente moi ben parada, o que resulta contraditorio coa importancia que concede no Diccionario aos artigos sobre historia da educación. Porén, Carderera afirma que “la historia jamás ha instruido á los pueblos, y poquísimas veces al individuo acerca de su bienestar” (p. 584), e que “los jóvenes que mas se distinguen por su saber en este ramo son los de carácter débil y apático, hombres dotados de gran memoria, pero que tienen mas gusto en narrar y oír referir hazañas que en aspirar á su ejecucion”.

Aínda así, Carderera deduce algo importante que “el mal no depende de la ciencia, sino del método porque se enseña”; polo tanto, pode dicirse que non desmerecía a historia, senón a forma en que se ensinaba. Máis adiante, estima que a historia “podrá tener importancia para los adultos, mas no para la juventud...”. De feito, asegura que a historia sagrada é máis “nutritiva” que a profana, “pues esta como crónica de 6,000 años apenas puede ofrecer otra cosa que una série inmensa de nombres y fechas”.

Carderera é partidario de reducir o seu contido, de centrarse nos personaxes máis sobresalientes de cada época; ao respecto cómpre termos en conta que os pedagogos modernos (da súa época) non atendían tanto á cantidade como á calidade dos feitos que debían aprenderse. Así, pretendía que se abandonase o furor pola historia particular do país natal, e que se buscasse o máis notable de todos os tempos e nacións, é dicir, unha historia universal que convertese este estudo en interesante en todas as escolas. Era esta unha posición que quedaba ben lonxe dos criterios nacionalistas que estaban a poñer de moda os historiadores profesionais, que reivindicaban as historiais nacionais en apoio da consolidación dos estados que se constituían ou aseguraban a mediados do século XIX.

A continuación, Carderera propón un estudo por graos e unha serie de contidos, sempre moi clásicos. No primeiro grao, a historia antiga identifícase coa mitoloxía, e a medieval con determinados personaxes europeos e españois, o mesmo que a moderna. No segundo grao, inclúe a historia de Israel, os fenicios, caldeos, babilonios, macedonios, sirios e romanos, seguindo un método que cualifica de intuitivo. No terceiro grao, das biografías e grupos pasaríase ao estudo dos pobos en que se fundaba a nosa cultura, ata chegar ás


⁵ Ambrosio María Rendu (1778-1860) foi un avogado e pedagogo francés que escribiu obras como *Ensaio sobre a instrución pública* e *Consideracións sobre as escolas normais*; o seu fillo, tamén Ambrosio (1821-1864), escribiu o libro *Censo de pedagogía*, que foi utilizado como libro de texto.

nacións europeas xurdidas na Idade Moderna. No cuarto grao pretendíase ofrecer un cadro completo do desenvolvemento da humanidade. Nas cuestións de método salientaba a importancia dos coñecementos xeográficos como auxiliares da historia, así como a cronoloxía, que lle proporcionaba a orde necesaria; pero nas súas indicacións puntuais o propio autor cae nunha ringleira de datas, nomes e lugares, precisamente o que criticaba. En definitiva, Carderera só percibe a vertente institucional e política da historia, descoñece os aspectos sociais e económicos e, neste sentido, é un intérprete do modelo histórico máis tradicional, o que se advirte tamén nos artigos en que fai alusión ao ensino da historia nas escolas primarias e no ensino secundario, sen que descoide achegar a toda a evolución histórica un sentido relixioso e determinista que recolle en palabras de Fenelon: “El hombre se agita y Dios lo conduce” (p. 591).

De todas as formas, nalgúns parágrafos percíbese unha crítica á memorización. De feito, recomenda un método pragmático (p. 592) que consideraría os acontecementos en función de relacións de causa-efecto, para o que sería necesario tocar aspectos culturais, sociais ou económicos. O modelo histórico proposto sería máis atractivo para os nenos, e para desenvolvelo aconsella a utilización de cadros en que, naturalmente, non podería prescindirse da memoria. Máis vangardista se amosa no artigo sobre observacións no ensino da historia, onde recolle as recomendacións de Ignacio Ramón Miró⁶. Aquí, o estudo centraríase na división dos tres grandes períodos da historia: antiga, media e moderna, sen esquecer a historia de España, mais “sin detenerse en la historia contemporánea, pues este es terreno que dificilmente puede el maestro recorrer sin lastimarse” (p. 594); é dicir, non participa da idea de estudar unha historia con compromiso, polo que recomenda esquecer os aspectos de máis actualidade. Despois da historia nacional pasaríase á universal, que se analizaría nos seus grandes trazos e particularmente aqueles que tivesen relación con España. Engade un estudo dos grandes inventos e, finalmente, o que non deixa de ser un aspecto metodolóxico innovador, propón unha análise da historia local que lle permitise ao alumnado apreciar o sentido do seu contorno, e que contribuiría a defender os valores patrimoniais.

O tomo terceiro da obra, publicado en 1856, recolle un total de 160 artigos que van do i ao m. Polo número de entradas os máis significativos son os que fan referencia ao/s intelectual/is (6); a intelixencia (3); a intuición (3); Jacotot (3); os xogos (4); o xuízo (3); a lactancia (4); a/s lección/s (3); a lectura (6); a/s lingua/s (4); a liberdade (3); o mestre (4); a memoria (4); o/s método/s (4) e a moral (3). Volven ser numerosos os artigos de historia da educación (13), así como outros referidos a diversos aspectos do ensino, o estudo ou a hixiene.

⁶ Ignacio Ramón Miró foi un significado mestre catalán da segunda metade do século XIX (faleceu en 1893), autor dun libro moi difundido: *La enseñanza de la historia en las escuelas* (1889). Vid. Cristófol Trepas e outros, *Didáctica de la geografía y la historia*, Barcelona, Graó, 2011, p. 60.



4. Portada do tomo III do *Diccionario de educación y métodos de enseñanza* de Mariano Carderera.

Neste volume merece destacarse a opinión de Carderera sobre a ignorancia: “es de suyo un manantial perenne y fecundo de errores; y á la par que estravía al hombre degradándole, puede producir, en multitud de circunstancias, consecuencias funestísimas, así para el individuo como para la sociedad”. (p. 10).

Na entrada sobre a importancia do maxisterio fala tamén sobre a educación das nenas. Sobre este tema segue a Fénelon, cunha opinión reaccionaria, de restricións profesionais e moi a ton coa época, en que o ámbito asignado ás mulleres era máis o doméstico que o público:

Las mujeres están dotadas generalmente de un espíritu más débil y mas curioso que los hombres, por lo cual no conviene imponerles estudios que pudieran encapricharlas: y como no deben dirigir el estado ni hacer la guerra, ni menos ejercer los ministerios sagrados, pueden prescindir de ciertos conocimientos profundos de la política, el arte militar, la jurisprudencia, la filosofía y la teología. Ni tampoco les conviene la mayor parte de las artes mecánicas, porque la constitucion de la mujer es para ejercicios moderados. Su cuerpo, así como su espíritu, es menos fuerte y menos robusto que el de los hombres, pero en cambio la naturaleza las ha formado industriosas, aseadas y económicas para ocuparse tranquilamente en los quehaceres domésticos.

Para Carderera o período da infancia prolóngase ata os 14 ou 15 anos e os nenos desas idades son o suxeito fundamental do ensino, xa que “el hombre viene al mundo ignorante de todas las cosas, y con las disposiciones solamente de viciada naturaleza”. (p. 67).

Sobre os labores inspectores, que profesionalmente ocuparon unha parte importante da súa vida, o autor reconece a importancia destes para mellorar a situación das escolas e o traballo dos mestres, co fin de que non queden “abandonados á sí mesmos y al capricho de los ayuntamientos”⁷. Evidentemente, ese labor debían exercelo persoas competentes que se convertesen en guías e conselleiros dos docentes. O labor inspector debería realizarse desde catro puntos de vista: desde o do material pedagóxico usado, desde o dos métodos de ensino empregados, desde o da disciplina e desde o da educación dos nenos e a conduta do profesor. En todo caso, “la inspeccion de las escuelas ha de ser grave y solemne, pero es menester que el inspector manifieste con sus palabras y con sus modales cierta afabilidad para inspirar confianza á los que van á ser objeto de su exámen”. (p. 86).

Resulta interesante a diferenza que o autor establece entre instrucción e educación: “La instruccion y la educacion son dos cosas enteramente distintas: la educacion desarrolla las facultades; la instruccion da conocimientos”. (p. 91). Noutras palabras, a educación é o obxecto, a instrucción un dos medios; a educación era, xa que logo, máis extensa e profunda que a instrucción.

Cando comenta as facultades intelectuais, advirte que as primeiras que se manifestan nos nenos son a percepción e a memoria; logo aparece a imaxinación, máis tarde a atención, e, por último, o xuízo e o raciocinio.

Particular atención se concede ao tema dos xesuítas, a sociedade relixiosa máis estendida polo mundo segundo Carderera. En 1762, en vésperas da súa extinción, contaba con 22.787 membros, deles 11.010 sacerdotes; 2.643 deses membros residían en España, distribuídos en 118 casas. Tamén se comenta as actividades educativas e a organización da orde, discrepando o autor nalgúns puntos das súas recomendacións, aínda que reconecía a organización das súas escolas e a preparación dos seus mestres.

Cando trata o artigo das xubilacións dos mestres, Carderera recorda que “lo mas importante, tratándose de educacion y enseñanza, es tener buenos maestros”, e neste particular, aínda que se fixeran algunhas cousas, quedaba moito por facer, por exemplo, precisamente “proveer de una manera decorosa á la subsistencia del profesor en los últimos años de su carrera”.

As extensas entradas dedicadas á lectura deixan claro que para Carderera esta actividade é “uno de los ramos mas importantes de enseñanza”. Concede atención puntual á lectura en voz alta e á lectura e escritura simultáneas, así como aos métodos para o ensino da lectura nas escolas (deletreo, silabación e sons, e articulacións), e declara que “el arte de leer es hoy una necesidad y un deber público, y por tanto, debiera ser obligatorio el aprenderle” (p. 401). De feito, opina que a escritura debía preceder á lectura, e entende que ler ben implica que se poida escoitar o lector con atención e pracer; para lograr isto, ofrece algunhas recomendacións. A última entrada dedícase á lectura de libros, considerada como un exercicio para perfeccionar esta habilidade, aínda que, ao orientala cara aos alumnos, faise preciso un conveniente labor de selección.

⁷ Hai que lembrar que, nesta época, a responsabilidade do nivel primario —é dicir, das escolas e dos mestres— correspondía aos concellos.



5. *La lectura* (1845). Revista BiCentenario, 11. Buenos Aires, Ministerio de Educación, 2011. Revistabicentenario.com.ar.

Tamén ás linguas se lles presta unha atención importante, tanto á lingua materna como ás estranxeiras, ás modernas e ás mortas. Carderera segue nesta materia as opinións de Augusto German Niemeyer, autor a que destinará un dos seus artigos no cuarto tomo da obra.

Aos libros de texto, Carderera dedícalles un extenso artigo en que advirte que son letra morta en mans dos nenos se non contan coas explicacións do mestre, quen debe facelos entender. Os máis necesarios, os indispensables, son o catecismo da doutrina cristiá (que cómpre aprender ao pé da letra) e os destinados ao ensino e a práctica da lectura; nas outras materias, o mestre e os seus cadros e exercicios suplántanos amplamente. En calquera caso, os textos do ensino elemental deben ser reducidos e abreviados, para non crearlle complicacións ao alumnado. Logo, o autor vai engadindo recomendacións para os libros de cada materia en particular.

Á figura do mestre vai dedicarlle Carderera máis de vinte páxinas. Nelas analiza as disposicións e calidades que deben reunir os docentes, entre as cales salientan a necesidade de que teñan "amor á los niños" e de que manteñan unha vida irreprochable. De igual maneira, deben dispoñer dos coñecementos oportunos para desempeñaren o seu labor, e a suficiente habilidade para desenvolvelos. Tamén trata sobre a posición e os deberes do mestre, no tocante ao cal aconsella que teña frecuentes relacións cos pais dos seus discípulos e coas autoridades do seu contorno. Ademais, comenta as relacións entre mestre e alumnos e a hixiene e exercicio que deben observar os docentes, aspectos en que segue as recomendacións do doutor F. Ratier⁸.

⁸ Seguramente fai referencia ao médico francés Félix-Severin Ratier (1797-1866), vid. Rafael de Francisco López, *Escuela, maestro y salud durante el Sexenio democrático (II)*, Revista de Educación, núm. 331 (2003), pp. 325.365.



6. Mestre de escola, gravado de La Ilustración Gallega y Asturiana, 1879.

Similar atención concede aos artigos referentes á memoria, que define, seguindo o filósofo británico Dugald Stewart⁹, como “la facultad de conservar como en depósito para el porvenir los conocimientos adquiridos” (p. 532). Analiza as calidades dunha boa memoria (facilidade, extensión, tenacidade, fidelidade, capacidade de recordo...); e trata a súa clasificación segundo os obxectos a que se refire, os exercicios recomendables para melloralala e os procedementos mnemotécnicos para facilitala. Tamén distingue varios tipos de memoria: de cousas, de palabras, local, de números¹⁰ e musical.

Nos artigos que dedica aos métodos de ensino, Carderera afirma que os bos resultados non dependen unicamente dos coñecementos do mestre, senón tamén das fórmulas e medios que este emprega para transmitilos. Por iso, propón unha serie de regras xerais que propician esa transmisión: observar os nenos e as circunstancias que os rodean; propoñerse un fin determinado; trazar un plan de traballo; saber o que se ensina; facerse entender; non pretender o imposible; harmonizar as leccións etc.

No seu parecer: “Cuando la enseñanza es útil es también fácil; no fatiga al maestro, porque no disgusta á los discípulos.” (p. 573). Así mesmo, engade outra serie de regras

⁹Dugald Stewart (1753-1828) foi un filósofo escocés que exerceu como profesor de matemáticas na Universidade de Edimburgo. Entre outras, é autor de *Elementos da filosofía da mente humana*, obra aparecida entre 1792 e 1827.


¹⁰Neste apartado Carderera recolle a referencia ao manual de cronoloxía do profesor Humbert, a quen eloxia, en que se redondeaban as cifras da cronoloxía histórica: Adán e a orixe da raza humana: 4000 aC; Noé: 2400; Abraham: 2000... (p. 559).

puntuais para os docentes, como ser xustos, amar os alumnos, escoitalos ou manter a disciplina. A súa conclusión é que o método de ensino debe "conformarse, por una parte, con la naturaleza de la cosa enseñada, y por otra, con las dotes del que la estudia; de suerte que el mejor método es el que mas cumplidamente llena estas dos condiciones..." (p. 576).

O pensamento máis conservador e tradicional de Mariano Carderera maniféstase tal vez nas súas opinións sobre a muller, como xa se deixou ver. Pola condición das súas facultades non podería igualarse ao home en todas as cousas, "porque, á lo sumo, lograría ser un remedo ridículo y repugnante, un retrato infiel y grosero del hombre" (p. 653). A muller está destinada a unha vida modesta e tranquila; o home fortalécese na loita e a muller debilitase; o home proporciona idea e pensamento, e a muller sentimento e benignidade; ao home corresponden os negocios exteriores e á muller os do ámbito doméstico. E todas estas calidades dependen da propia natureza de cada sexo (p. 655):

La idea de la igualdad del hombre y de la mujer como se ha querido sostener en cierta época no muy lejana es un error de graves consecuencias. El hombre y la mujer no tienen iguales derechos ni los mismos deberes, prescindiendo de los generales de la especie humana. La mujer, por su naturaleza, no debe ni puede tener las mismas ocupaciones que el hombre, y los que piensan de otra manera han causado y están produciendo grandes males, destruyendo los lazos de familia.

O tomo cuarto e último do *Diccionario de educación y métodos de enseñanza* de Mariano Carderera foi publicado en 1858 e recolle as entradas correspondentes ás letras do n ao z. En total son 175 artigos entre os que se dedica especial atención aos seguintes temas: a natureza (3 entradas); a/s escola/s normal/is (4); os premios (7) e a relixión/o relixioso (5). Os artigos de historia da educación seguen sendo os máis numerosos, cun total de 20 entradas, entre elas as que fan referencia, por exemplo, á educación no imperio de Oriente, o Renacemento e entre os romanos, ou as máis persoais que se dedican a Pitágoras, Platón ou Sócrates.



7. Portada do tomo do IV do *Diccionario de educación y métodos de enseñanza* de Mariano Carderera.

Nun dos seus artigos sobre a natureza cualifica a astronomía como “la más admirable de las ciencias” (p. 35). Recomenda, ademais, o estudo da historia natural, que permite “llegar á la verdad con certidumbre” (p. 36); ou o das artes industriais, que “puede servir para cultivar la moralidad” (p. 43).

No artigo dedicado ás disposicións dos nenos, analiza catro tipos de temperamento: flegmático, bilioso/colérico, sanguíneo e melancólico, que entre se diversifican de mil modos.

Ao artigo sobre a Escola Normal o autor dedícalle unha atención especial, o que non resulta estraño se recordamos que esta institución tivo un importante papel na súa vida profesional, como estudante e como profesor. Lembra Carderera que esa escola significou o inicio da reforma do primeiro ensino en España. En dous anos instruíu convenientemente un cadro de mestres que se distribuíron por todo o Estado, que crearon as escolas normais provinciais e que exerceron un amplo labor como inspectores. O papel de Pablo Montesino na creación deste centro foi fundamental, polo que Carderera aproveita para tratar polo miúdo a súa figura, á cal xa debera concedérselle no *Diccionario* unha entrada nos artigos da letra m, o que non se fixo “por una equivocación material de la imprenta”. Agora fai un percorrido minucioso pola vida do personaxe, e atende en particular aos seus esforzos para establecer en España un modelo educativo público, indicando os importantes logros que acadou, sobre todo na preparación de mestres que comprenderon a súa misión e a levaron adiante por todo o país. Neste sentido debía entenderse a fundación en 1839 da Escola Normal Central.

Tamén se lles dedica unha entrada ás escolas normais de mestras, pois a muller “es digna de concurrir por el desarrollo de sus facultades, á los fines de la humanidad” (p. 96). Desde este punto de vista, a educación da muller era un asunto de importancia e as escolas normais femininas tan necesarias como as masculinas, co mesmo obxecto e fin, mais diferentes polo sistema de estudos e a disciplina, que entre as mulleres debía de ser menos severa. Nas normais femininas dous anos de estudos parecían suficientes para conseguir a instrución máis indispensable, como sucedía na escola alemá de Munster¹¹. En canto ao programa e as leccións das escolas, defínense con claridade no cadro que pode verse a seguir, coa indicación engadida de que nas clases de labores se repasaría a historia sagrada. Outras indicacións de programas e contidos recollíanse, noutra entrada, con referencia ás escolas normais masculinas.

¹¹ A instrución feminina recomendada no ámbito decimonónico centrábase nos estudos de medicina e maxisterio, o que resultaba lóxico na consideración de que supoñían unha proxección do papel da muller no obxectivo fundamental de coidar da saúde física e mental dos seus fillos.

	De 8½ á 9¼.	De 9¼ á 10	De 10¼ á 11.	De 11 a 12	De 2 á 3¼	De 3¼ á 4¼.	De 4¼ á 5.
Lunes.	Religion.	Lengua alemana.	Lectura.	Historia y Geografía.	Labores del sexo.	Cálculo.	Francés.
Martes.	Religion.	Ejercicios de composición.	Historia y Geografía.	Dibujo.	"	Pedagogía.	"
Miércoles.	Religion.	Lectura.	Historia y Geografía.	Canto.	Labores del sexo.	Cálculo.	Francés.
Jueves.	Religion.	Ejercicios de composición.	Historia natural.	Caligrafía.	Labores del sexo.	Pedagogía.	"
Viernes.	Religion.	Lengua alemana.	Historia y Geografía.	Canto.	Labores del sexo.	Cálculo.	Francés.
Sábado.	Religion.	Ejercicios de composición.	Cosmografía.	Dibujo.	"	Cálculo.	"

8. Programa de traballo na Escola Normal feminina do *Diccionario de educación y métodos de enseñanza* de Mariano Carderera.

O dedicado ao ensino obrigatorio é un longo artigo en que, tras recordar experiencias francesas¹² e inglesas, o autor se centra nas discusións en España para establecer un modelo de ensino obrigatorio e gratuíto. Para Carderera este servizo social non podía ser absolutamente gratuíto, entre outros motivos porque o Estado se inmisciría nas obrigas familiares, pero si debía ser obrigatorio, como sucedía nos estados alemáns que utilizaba como modelo: Prusia, Saxonia, Hannover...

Outro artigo de interese é o dedicado á organización das escolas, un aspecto en que, pola súa formación e profesión, Carderera era unha autoridade, aínda que para as súas indicacións se apoie na opinión doutros pedagogos. Fala aquí do enxoval necesario na escola: unha imaxe de Cristo, unha plataforma para a mesa do mestre, o tamaño e disposición das mesas e dos bancos dos alumnos, os tableiros, o reloxo... Logo trata sobre a asignación de alumnos segundo idades e capacidades, a organización das horas de recreo, a distribución do traballo na aula etc.


No artigo sobre ortografía, tras destacar que esta habilidade denotaba a calidade da educación recibida, o autor propón unha serie de procedementos para desenvolve-la: medios cacográficos, cifras, ditado...

Na entrada sobre pedagogía, parte da base de que "todos los destinos y profesiones requieren una preparación especial" (p. 214); a pedagogía ocupárase así da educación

¹² Atribúe a Napoleón a seguinte frase: "Só os que desexan abusar do pobo son os que poden querer retelo na ignorancia" (p. 116).

dos seres humanos, fundamentándoa no raciocinio. Ademais, Carderera indica que un bo profesor fai agradables e proveitosas as clases.

O artigo dedicado a Pestalozzi¹³ é moi denso, xa que o autor dedicou un dos seus traballos monográficos a este pedagogo¹⁴, como advertimos na súa biografía. Cualifica o personaxe de filántropo antes que de home de educación e ensino, e analiza puntualmente a súa vida e a súa obra, para logo dedicar outro artigo á análise do método pestalozziano.



9. Retrato de Pestalozzi por G.F.A. Schöner.

As máis de corenta páxinas que Carderera dedica á entrada sobre premios impulsarían a atribuírle un pensamento pedagóxico de corte maniqueo: premiar os bos alumnos, castigar os malos, pero esta consideración convén matizala. Recolle, nos cinco artigos sobre este tema, as opinións de Locke; a evidencia de que os nenos son moi sensibles ás gabanzas; a idea de que as recompensas deben aplicarse “con mucha circunspeccion”; que son varios os tipos de premios que se poden establecer: un premio pode ser a mesma lección que se lles dá aos nenos, outro a aprobación do mestre, ou a dos pais, ou a da súa propia conciencia, e para Carderera estes son premios máis importantes que os materiais, xa que as recompensas dese tipo adoitan traer consigo a envexa dos compañeiros. Aos premios debe dárseles un carácter moral, por iso o autor disinte desas recompensas mal

¹³ Jean Henrique Pestalozzi (1746-1827), foi un pedagogo suízo considerado o promotor do modelo moderno de educación popular.

¹⁴ *Vida y obras de Pestalozzi*, Madrid, imprenta de Victoriano Hernando, 1862.

entendidas consistentes en cruces de mérito ou cadros de honra expostos ante todo o mundo, que provocan a vaidade en quen as recibe e o malestar dos que non as mereceron. En todo caso, se se lles fan regalos aos alumnos, deben ser útiles.

Ao primeiro ensino dedícalle Mariano Carderera un longo artigo en que defende a conveniencia de desenvolver este nivel educativo, que tan ben coñecía. Tratábase do nivel de ensino elemental, que comprendía coñecementos de utilidade xeral e que eran indispensables para a correcta formación dos seres humanos¹⁵. Esta etapa educativa debía reducirse a "nociones claras y al alcance del entendimiento mas común..." (p. 341) que tivesen unha aplicación práctica en calquera actividade ou situación do individuo. As ensinanzas básicas que debería comprender eran as de lectura e escritura, aritmética, gramática, moral, e xeografía e historia patria (non hai que esquecer que estamos en anos de consolidación do espírito nacionalista español). Outras posibles ensinanzas eran as de canto, debuxo lineal, xeometría e ciencias naturais. En España parecía moi conveniente a ensinanza da agricultura, sen que faltase a recomendación da ximnástica. Aos 12 anos o neno debía abandonar ese nivel educativo, é dicir, saír da escola, sen esquecer que as escolas elementais eran as institucións educativas máis importantes de todas porque sentaban a base de coñecementos posteriores.

O artigo dedicado á diatriba entre un modelo de educación privado ou público cópiao Carderera das recomendacións de Quintiliano; nel enténdese por privado o ensino que se daba no seo da familia e no fogar, e por público o que se desenvolvía fóra deste ámbito. Algúns pensaban que este último propiciaba a aparición de costumes viciosos polo contaxio cos alumnos menos recomendables, ora ben, o ensino privado tamén ofrecía os seus problemas, como o de converterse nun modelo educativo excesivamente condescendente "que debilita el alma y el cuerpo" (p. 363). Tampouco era garantía suficiente para cualificar a idea de que resultaba máis rendible o ensino individualizado, porque se afirmaba que o bo mestre desexaba moitos discípulos, nunha relación que posibilitaba exercitar a elocuencia.

O artigo sobre as profesións permítelle comentar a Carderera que, ademais dos principais preceptos relixiosos, resultan útiles para calquera traballo os coñecementos de lectura, escritura, aritmética e debuxo. Outras profesións requirirían coñecementos complementarios, como por exemplo a medicina, para a que resultaban convenientes nocións de latín e grego, ou a de xuristas, que ademais destas linguas mortas debería coñecer a técnica oratoria.

A entrada dedicada a Manuel José Quintana serve para facer unha laudatoria biografía deste personaxe en que se salientan as súas ideas en defensa dun modelo educativo de instrución universal –para todos os cidadáns–, uniforme, pública, gratuíta e libre, ideas que

¹⁵ Débese ter en conta que segundo o censo de 1860, o 65% dos homes e o 86% das mulleres eran analfabetos en España (na media, un 75% de toda a poboación), de aí a evidente necesidade de desenvolver este nivel educativo.

tiveron unha clara influencia no deseño do ensino español¹⁶. Para Quintana, o primeiro ensino é o máis importante e o que debería contar con maior protección por parte do Estado, mentres que o segundo ensino e o ensino universitario serían complementarios; propón para aquel a creación de centros específicos que se chamarían “universidades de provincia” e describe as súas ensinanzas e dotacións. Quintana non fala da instrución da muller, cuxo ámbito entende que é o privado e doméstico, nin tampouco dos centros eclesiásticos, que considera privados.



10. Retrato de M.J. Quintana, Museo iconográfico. Galería de Españoles Ilustres.

No artigo dedicado ao recreo, Carderera amósase partidario de lles conceder descanso aos nenos, xa que “el cuidado de la salud... debe anteponerse al de la ciencia...” (p. 441). Ademais, tras o descanso, os alumnos volverían máis gustosos ao estudo; de feito, o xogo demostraba a vitalidade e a saúde dos nenos. Porén, debían prohibirse algúns xogos de fortuna, como os naipes e os dados.

A entrada que fai referencia ás relacións, permite ao autor recomendar que os mestres non se manteñan illados. Seguindo un modelo moi tradicional, afirma que os pobos deben estar sometidos a tres autoridades: a civil do alcalde, a relixiosa do cura e a intelectual do mestre, que entre si non deben combater nin contrariarse, xa que da súa harmonía deriva a prosperidade xeral.

Desde a postura confesional que o caracterizaba, Carderera, nos seus artigos sobre relixión, explica como inculcar aos alumnos os principios relixiosos, comezando polo coñecemento de Deus para, a medida que crece a súa intelixencia, ampliar os outros preceptos,


¹⁶ Manuel José Quintana (1772-1857) elaborou en 1814 un informe de gran transcendencia para o futuro da educación en España. Era unha exposición de principios básicos en que se defendía que a instrución debía ser igual, universal, uniforme, pública e libre; en definitiva unha formulación do ideario liberal en que se facía referencia á educación.

as recomendacións das escrituras sagradas e os principais dogmas, como o da resurrección dos mortos, que considera se debe "imprimir bien en los niños...". Estas achegas, en que están moi presentes as ensinanzas de Fénelon, conclúen coa determinante (e conservadora) afirmación de que a relixión "es el mas poderoso medio de la educacion del hombre". (p. 469).

Nos parágrafos finais deste artigo coméntanse as achegas educativas de Rousseau, ante quen o autor adopta unha actitude moi crítica, pois segundo el, propuxérase des cristiánizar a educación: "en mi concepto en educacion su nombre es un nombre infame, y su autoridad una horrible decepcion". (p. 473).

Aínda que, evidentemente, non participa das súas ideas educativas, Carderera dedica un amplo espazo á biografía e á obra de Rousseau (1712-1778). Parte dunha crítica á sociedade francesa do século XVIII, que cualifica de licenciosa e materialista, e en que existe unha enorme despreocupación pola educación infantil. Neste escenario levántanse as recomendacións pedagóxicas de Rousseau, que non se correspondían en absoluto coas súas experiencias vitais, xa que el mesmo se despreocupara dos seus fillos. Por estas contradicións resultaba difícil cualificar este home.

Desde o punto de vista de Mariano Carderera, Rousseau mantivo unha detestable vida privada, ao se unir a unha muller "indigna" del (Teresa Le Basseur) e despreocuparse dos cinco fillos que tivo con ela. Rexistrados estes aspectos máis persoais, comenta logo a obra educativa de Rousseau centrándose na análise do *Emilio*, libro en que segue as ensinanzas e progresos do protagonista desde o seu nacemento ata o seu matrimonio con Sofía. O mérito principal da obra é o de que asenta a idea de que a primeira educación é a máis importante, e de que corresponde á nai e ao pai, o que representaba outra contradición coa actitude persoal do autor ilustrado.



13. Retrato de Jean-Jacques Rousseau por Quentin La Tour.

No artigo que se dedica aos sistemas de ensinanza, céntrase na instrución primaria, onde debe seguirse “un órden natural y lógico, acomodarse en todo á la instrucción y capacidad intelectual de los discípulos...sostener la atención haciendo agradable el estudio y cuidar mucho de que el niño piense por si mismo en cuanto se halle á su alcance y comprensión” (p. 557).

Logo, distingue e analiza tres sistemas de ensinanza: a individual, a simultánea e a mutua, que combinadas darían lugar a un sistema mixto. O individual é o sistema máis sinxelo e o primeiro que debe adoptarse, mais sempre que o número de nenos non sexa superior a seis; se son máis será preciso adoptar o simultáneo, e se son moitos máis é aconsellable o sistema mutuo.

A última entrada da letra s está dedicada ás escolas superiores, que continuarían a ensinanza elemental, que esixirían no mestre un saber máis profundo e no discípulo unha intelixencia máis preparada, que se desenvolvería a partir dos 12 anos. Ademais, a escola superior

exige tambien necesariamente la separacion de los sexos; porque á los doce ó quince años los niños de distinto sexo no pueden estar reunidos sin peligro en una misma localidad, pues por grande que fuese la vigilancia del maestro, las pasiones hallarian medios de burlarla (p. 574).

Isto realmente non era un problema, porque as vilas que podían permitirse contar con centros de ensino superior, eran o bastante importantes e ricas como para ter unha escola para cada sexo. Nestes centros non bastaba un só mestre, pois o ensino era máis variado, e o sistema utilizado debía ser o simultáneo. Ademais, ao estudo máis profundo das matemáticas e a lingua conviña unir o doutras disciplinas como a xeografía e a historia, a moral, o dereito público, o canto, o debuxo lineal, as ciencias naturais ou a tecnoloxía, entre outros.

No artigo dedicado ás universidades predomina o carácter histórico. Así, coméntase como naceron estes centros de instrución tanto en España como no resto de Europa, e conclúese co tipo de ensino que desenvolvían.

No artigo sobre o sentido da vista, Carderera comenta os defectos oculares da miopía, a presbicia, o estrabismo e a oftalmía, e fai unha serie de recomendacións para evitalos ou diminuilos. Ademais, propón outra serie de exercicios para a educación do órgano da vista, cuxa importancia no contexto educativo resultaba indiscutible.

O último artigo que aquí se comenta é o que fai referencia á vocación dos mestres, en que se establece un contraste entre a importancia do seu traballo e o que por el recibían: “La importancia y dignidad del magisterio es grande y elevada; la situación material del maestro, pobre, modesta y laboriosa” (pp. 670-671). A decisión de elixir esta profesión debía estar moi meditada, pois sen vocación “es una carga penosa é insoportable”. Do labor do mestre dependía non só a súa felicidade persoal, senón tamén “la suerte de los niños cuya educación se le confía”. Isto non impedía que o mestre esquecese o seu benestar, e debía polo tanto procurárselle “una subsistencia honrosa y modesta”.

En definitiva, o *Diccionario de educación y métodos de enseñanza* de Mariano Carderera resulta ser un documento moi significativo para coñecer a situación do ensino español a mediados do século XIX, nuns momentos en que estado liberal acabado de instalar pretendía facer realidade a extensión do ensino público en España, acudindo ás experiencias docentes doutros ámbitos europeos, pero sen esquecer algúns aspectos do noso ideario educativo máis tradicional, aínda moi condicionado pola longa influencia que en materia de ensino e control social exercera a Igrexa nos séculos anteriores.